

ACTA DE APERTURA DAS PROPOSTAS PRESENTADAS PARA PARTICIPAR NA LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE “AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO MUNICIPAL NO LUGAR DE CESULLAS” INCLUÍDA NO PCC.

Na casa do Concello de Cabana de Bergantiños, ás 13:00 horas do 25 de setembro de 2.009, o Alcalde, D. José Muíño Domínguez, en presenza do Secretario do Concello de Cabana de Bergantiños, Don Federico M. Suárez Cancelo, procede, a apertura da documentación correspondente ao (SOBRE B: REFERENCIAS TÉCNICAS E SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA) presentada polas empresas para participar no procedemento de licitación do contrato da obra de AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO MUNICIPAL NO LUGAR DE CESULLAS” INCLUÍDA NO PCC.

Antes de procederse á apertura dos sobres, se da conta por parte do órgano de contratación, da presentación por parte da empresa Excavaciones y Desbroces Amamber S.L, da documentación solicitada para a subsanación da documentación administrativa do sobre A (RE nº 3.120/2009 do 23/09). Revisada a mesma se considera que se axusta aos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas administrativas e polo tanto se acorda a apertura dos sobres B e C, das 4 empresas presentadas ao procedemento de licitación, cos seguintes resultados:

-Construcciones y Obras José Antonio S.L;

No sobre B, presenta a seguinte documentación:

Programa de traballo e actuación ambiental, que inclúe unha memoria e gráfico de execución mediante diagrama de Gantt ou de barras onde fixa un prazo de execución das obras de 55 días naturais.

Plan de xestión dos residuos e medidas de protección ambiental.

Plan de control interno de calidade.

Programa de seguridade e saúde no traballo.

Seguidamente se procede á apertura do sobre C, correspondente á oferta económica, que ten o seguinte contido:

-Prezo sen IVE: 140.000 Euros.

-IVE: 22.400 Euros.

-Total: 162.400 Euros.

-Proyecta actividades profesionales de la construcción S.L.

No sobre B, presenta a seguinte documentación:

Programa de traballo e actuación ambiental, que inclúe unha memoria e gráfico de execución mediante diagrama de Gantt ou de barras onde fixa un prazo de execución das obras de 58 días naturais.

Plan de xestión dos residuos e medidas de protección ambiental.
Plan de control interno de calidade establecendo unha porcentaxe do 3,00 % sobre o presuposto de execución material.
Programa de seguridade e saúde no traballo.

Seguidamente se procede á apertura do sobre C, correspondente á oferta económica, que ten o seguinte contido:

-Prezo sen IVE: 131.607,41 Euros.
-IVE: 21.057,15 Euros.
-Total: 152.664,56 Euros.

Excavaciones y Desbroces Amamber S.L

No sobre B, presenta a seguinte documentación:

Programa de traballo e actuación ambiental, que inclúe unha memoria e gráfico de execución mediante diagrama de Gantt ou de barras onde fixa un prazo de execución das obras de 55 días naturais.
Plan de xestión dos residuos e medidas de protección ambiental.
Plan de control interno de calidade establecendo unha porcentaxe do 2,54 % do presuposto de execución material.
Programa de seguridade e saúde no traballo.

Seguidamente se procede á apertura do sobre C, correspondente á oferta económica, que ten o seguinte contido:

-Prezo sen IVE: 156.582,25 Euros.
-IVE: 25.053,41 Euros.
-Total: 181.635,41 Euros.

Construcciones Fermín Simal S.L

Programa de traballo e actuación ambiental, que inclúe unha memoria e gráfico de execución mediante diagrama de Gantt ou de barras onde fixa un prazo de execución das obras de 21 días naturais.
Plan de xestión dos residuos e medidas de protección ambiental.
Plan de control interno de calidade establecendo unha porcentaxe do 4,50 % do presuposto de execución material da obra.
Programa de seguridade e saúde no traballo.

Seguidamente se procede á apertura do sobre C, correspondente á oferta económica, que ten o seguinte contido:

-Prezo sen IVE: 157.800,00 Euros.

-IVE: 25.248,00 Euros.
-Total: 183.048,00 Euros.

Á vista das propostas presentadas, o órgano de contratación acorda que se proceda por parte do redactor do proxecto e director das obras, a emitir o correspondente informe e proposta de valoración das ofertas técnicas e económicas presentadas por parte dos licitadores, así como que acredite a viabilidade da execución nos prazos de execución ofertados, para, unha vez realizada a citada proposta de valoración, por parte do órgano de contratación se proceda a dictar resolución de adxudicación provisional do contrato. Igualmente que por parte da intervención do Concello se proceda a comprobar se existe algunha proposta que poida considerarse en baixa temeraria ou desproporcionada. E non sendo outro o obxecto da presente, se proceda a dar por rematado o acto público de apertura das propostas presentadas, cando son as 13:30 horas do día indicado, de todo o cal se estende a presente acta.

Cabana de Bergantiños 25 de setembro de 2.009.

V^opa
O Alcalde – Presidente

O Secretario.